

## A fonda da Vila Xoiosa.

Fai tres mil anos, os habitantes do que hoxe é Vilaxoiosa contemplaban, probablemente atónitos, a chegada de naves fenicias desde o outro extremo do Mediterráneo. Os fenicios atoparon fronte ao poboado da Idade do Bronce fondos mariños de Posidonia oceanica, ideais para fondear sen perder a ancora; xente coa que comerciar; unha praia de area para varar os botes nos que chegarían a terra as persoas e as mercancías; e un río no que facer aprovisionamento de auga para a longa viaxe.

E así naceu a *fonda* de Vilaxoisa, un dos principais portos históricos da Comunidade valenciana, o último destacado antes do cabo da Nave, onde empezaba a ruta das Baleares, unha auténtica autoestrada navieira da Antigüidade.

Nos seus fondos desenvolvéronse numerosas investigacións arqueolóxicas, promovidas polo Concello da Vilaxoiosa, a Generalitat Valenciana e a Universidade de Alacant. Realizáronse algunhas accións pioneiras para coñecer a súa evolución ao longo dos séculos, como análises de carbono 14 da pradaría de Posidonia, con resultados extraordinarios.

A *fonda* foi porto do municipio romano de Allon. A ela intentou chegar, nalgún momento do s. I d. C., a gran nave mercante bautizada co nome de *Bou-Ferrer*, buscando, quizá, reparar algún dano grave nuns asteleiros que nunca acadou.

A fonda foi tamén una das bases corsarias máis temibles da Idade Moderna, defendida por unha das fortalezas mellor artilladas do Reino de Valencia. No século XIX converteuse no porto da comarca industrial de Alcoy: dos seus asteleiros saían goletas e pailebotes de ata 800 toneladas que sucaron todos os mares, ata alcanzar a segunda matrícula navieira de España cara a 1860.

De entón son estas grandes ancoras de pedra, iguais ás que se utilizaban fai tres mil anos, con dous buracos para estachas de madeira, que se afincaban no fondo, e un terceiro para o cabo.

Pero o porto continúa a súa historia, aínda que xa non é unha zona de fondeo fronte a unha boa praia, xa que na década de 1920 adaptouse aos cambios da navegación. Agora os barcos de motor refúxianse tras un dique ancóralas xa non son de pedra, senón produtos industriais de ferro. Pero flotan no aire as mesmas palabras dos carpinteros de ribeira e dos mariñeiros, pronunciadas en fenicio, en latín, en árabe ou en valenciano; e o fondo do mar segue recollendo no seu seo todo aquilo que se nos afunde ou se nos cae desde fai tres mil anos.